

B A N D O

O Concello de Santiago de Compostela fai un chamamento a todos os cidadáns para asistir á manifestación convocada polos grupos políticos do Parlamento de Galicia en repulsa dos brutais atentados de Madrid e en solidariedade co pobo madrileño. A manifestación sairá ás 19.00 horas da Alameda para rematar cunha concentración na Praza do Obradoiro.

O Concello expresa a unanimidade da súa Corporación no pleno convencemento de que os asasinados non conseguirán acabar nunca coa liberdade e coa democracia que tantos esforzos custou conquistar. E declara que a maior, a máis contundente e pronta resposta está nas nosas máns, impidiendo co libre e belixerante exercicio do noso voto a intencionalidade dos criminais de condicionar a grande cita da liberdade que supón cada xornada electoral.

Facemos un chamamento para manifestar a nosa dolorosa consternación, o noso máis solidario e firme afecto con todos os familiares, os amigos, os compañeiros dos asasinados e dos feridos, e de todos os madrileños aos que queremos trasladar o abrazo fraterno desta cidade de Compostela.

Xosé A. Sánchez Bugallo
Alcalde de Santiago de Compostela

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2004